

ANEXO VI:

“PLAN DE CONTINXENCIA DO CEIP RAMÓN DE VALENZUELA”

O Plan de Continxencia do CEIP Ramón de Valenzuela ten por finalidade establecer os procesos para o reinicio da actividade académica presencial no caso de que se teña interrompido a suspensión da actividade lectiva como consecuencia da aparición dun abrocho que supoña o cese da actividade presencial nun aula/etapa educativa/centro.

ACTUACIÓNS PREVIAS DIANTE DA APARICIÓ N DUNABROCHO

1. **Non asistirán ao centro** aqueles estudantes, docentes e outros profesionais que teñan síntomas compatibles con COVID-19, así como aqueles que se atopen en illamento por diagnóstico de COVID-19, ou en período de corentena domiciliaria por ter contacto estreito con algunha persoa con síntomas ou diagnosticada de COVID-19. Tampouco acudirán ao centros as persoas en espera de resultado de PCR por sospeita clínica. Tal e como especifica o apartado 2A .3 do Protocolo de Adaptación ao Contexto da COVID 19 a súa versión do 4 de novembro “se algunha persoa do núcleo familiar convive cunha persoa cun diagnóstico positivo da Covid-19, o alumnado ou o persoal do centro que convivan coa persoa positiva non poderán acudir ao centro, en virtude de ser considerados contactos estreitos. Os conviventes dunha persoa con síntomas compatibles coa Covid (alumno/a ou profesional) que se encontre á espera do resultado, evitarán as interaccións sociais que sexan prescindibles ata que se confirme o resultado, pero non será necesario que garden corentena no domicilio, podendo acudir tanto á escola como ao seu posto de traballo”.
2. Diante dunha persoa que desenvolva síntomas compatibles con COVID-19 no centro educativo seguirase o **protocolo de actuación do centro** previamente elaborado:
 - Colocaráselle unha máscara cirúrxica, levaráselle á sala de Covid destinada ao efecto ata a recollida por parte da familia. Esta disporá de adecuada ventilación, xel hidroalcohólico e papeleira con tapa de pedal. Será necesario contactar coa persoa responsable do manexo da Covid- 19 no centro educativo e cos familiares ou titores legais

CEIP RAMÓN DE VALENZUELA

- A persoa que acompañe ao caso sospeitoso deberá levar o material de protección adecuado: máscara cirúrxica, se a persoa con síntomas a leva. De forma excepcional e no caso específico de que o/a alumno/a teña unha exención para o uso da máscara por xustificación médica ou é menor de 6 anos e non usa máscara, a persoa acompañante usará máscara FFP2 sen válvula (KN95), ademais dunha pantalla facial e unha bata desbotable. Na eventualidade de que non houberse dispoñibilidade de máscaras KN95, poderá utilizarse unha máscara cirúrxica xunto coa obrigatoriedade da utilización da pantalla. Se coincidisen no tempo máis dun caso con sintomatoloxía compatible coa Covid-19, os restantes casos agardarán acompañados por algunha persoa traballadora do centro educativo de preferencia nun lugar cuberto exterior ao edificio ou noutro lugar interior coa ventilación adecuada. A persoa que utilice a FFP2 deberá estar formada na utilización dos equipos de protección individual e no seu refugallo. O centro contará cun stock deste material para as situacións nas que se requira para a atención dun caso sospeitoso.
3. A persoa responsable de acompañar ao alumno ou o seu titor deberán chamar ao seu centro de saúde de Atención Primaria para solicitar consulta debe chamar ao centro de saúde de Atención Primaria de referencia, ou ao teléfono de referencia do SERGAS e seguiranse as súas instrucións. En caso de presentar síntomas de gravidade ou dificultade respiratoria chamarase ao 061. O/A traballador/a que inicie síntomas debe abandonar o seu posto de traballo protexido por máscara, e logo de seguir as instrucións do centro de saúde ata que a súa situación médica sexa valorada por un profesional sanitario.
 4. No suposto da aparición dun caso, nun centro educativo tanto sexa do alumnado, profesorado ou persoal do centro, a persoa coordinadora do equipo formado na COVID-19, a petición dos servizos de saúde a través de **EduCOVID**, incluírá na aplicación informática a información prevista do eventual afectado/a relativa aos contactos estreitos, dos compañeiros/as afectados/as e do seu profesorado, así como de quen sexa persoa próxima vencellada ao centro.

5. A familia dun neno ou nena con sospeita de contaxio, deberá solicitar unha consulta telefónica co seu pediatra para que este avalíe a necesidade de solicitude de un test diagnóstico. Se non houberse cita para ese día acudirá ao Pac para a valoración polo médico de Atención Primaria.
6. Tras a aparición dun caso diagnóstico da Covid 19 seguiranse as recomendacións da Xefatura Territorial de Sanidade, sendo posible que nun centro teña que estar illada unha parte dun centro educativo (aula ou grupo de aulas) mantendo o funcionamento do resto da forma habitual en función do número de contactos identificados en cada gromo.
7. A autoridade sanitaria, en coordinación coa Consellería de Educación, a través do Grupo de Coordinación e Seguimento da Pandemia determinará en cada caso o número de persoal e alumnado afectado e a duración das medidas de corentena o que se comunicará ao equipo COVID do centro para a súa comunicación á comunidade educativa, sen prexuízo da información que sexa facilitada pola autoridade sanitaria.
8. A autoridade sanitaria, en función do número de contaxios, poderá ordenar a corentena dun grupo determinado de contactos estreitos do centro escolar, o peche dunha ou varias aulas, dun nivel educativo ou do centro educativo na súa totalidade de conformidade co previsto na "Guía de actuación ante la aparición de casos de Covid-19 en centros educativos", e co "Protocolo de actuación da Consellería de Sanidade en materia de Saúde Pública en relación con illamentos e corentenas para a prevención e control da infección por SARS-Co-V-2" publicada por Orde da Consellería de Sanidade no D.O.G. do 20 de agosto de 2020, cos seguintes supostos:
 - Tendo en conta que segundo o criterio epidemiolóxico considerase contacto estreito a calquera persoa do centro que compartise espazo co caso confirmado a unha distancia de menos de 2 metros do caso

CEIP RAMÓN DE VALENZUELA

confirmado durante máis de 15 minutos sen utilizar a máscara, os contactos serán determinados pola autoridade sanitaria segundo os protocolos vixentes en cada momento.

- As persoas que teñan diagnóstico confirmado terán obriga de illamento durante 10 días. As persoas que teñan a consideración de contactos estreitos da persoa cun diagnóstico confirmado deberán entrar en corentena, estando illados nos seus domicilios e suspenderán, mentres dure esta, a asistencia ao centro por un período de 10 días, e sempre de acordo coas indicacións das autoridades sanitarias. O restante alumnado poderá continuar coa asistencia presencial á aula. Aos contactos estreitos realizaráselles unha proba de Covid nun prazo non superior a 48 horas para identificar ás persoas que teñan unha posible infección por Covid- 19.

- En función da intensidade e virulencia do gromo, así como do número de persoas e niveis educativos afectados a Autoridade Sanitaria poderá acordar a medida de corentena da totalidade das persoas que conforman unha aula, das que conforman un nivel educativo completo onde teña xurdido o gromo ou, de ser o caso, da totalidade das persoas que integran un centro educativo.

9. A aparición dun contaxio sospeitoso con posterior confirmación é un suposto de declaración obrigatoria que implicará por parte da autoridade sanitaria a obriga de entrada en corentena de polo menos 10 días a todas as persoas que teñan a consideración de contacto estreito.

10. A suspensión da actividade lectiva presencial suporá a aplicación das actuacións recollidas no Plan de Continxencia segundo o modelo establecido no anexo IV do Protocolo de adaptación ao contexto da Covid-19 non centros de ensino non universitario de Galicia para o curso escolar 2021-22.

ACTUACIÓNS PARA O PERÍODO DE ACTIVIDADE LECTIVA NON PRESENCIAL

11. O mesmo día do peche a dirección do centro enviará unha **comunicación** a través de Abalarmóbil e publicará unha nova na web do centro.

12. A administración educativa garantirá o **dereito á educación e a súa equidade**. A tal fin disporá os medios informáticos necesarios para o seguimento do ensino virtual por parte do alumnado que o precise de acordo co seguinte **protocolo**:

a) O mesmo día da corentena ou do peche o equipo directivo afrontará cos seus propios recursos tecnolóxicos, no caso de dispoñer deles, as necesidades TIC máis perentorias do centro. Esta primeira intervención poderá ser apoiada polos CFR baixo a coordinación da xefatura territorial.

b) Unha vez atendidas as necesidades iniciais a dirección do centro trasladará con carácter de urxencia por correo electrónico á inspección educativa as necesidades priorizadas de equipos que quedaran sen cubrir. A inspección dará traslado destas necesidades aos servizos centrais para facilitar a súa cobertura inmediata.

c) Adoptaranse criterios unificados que dependerán da extensión e alcance do peche e, polo tanto, das necesidades en cada momento. Os equipamentos entregaranse ao centro educativo que será o responsable da organización da entrega ás familias e

posterior recollida.

d) Todas as familias que reciban equipamento público deberán asinar un compromiso de cesión responsabilizándose do dito material segundo o modelo que se atopa dispoñible como Anexo I neste plan e que se atopa dispoñible no portal educativo. Aos efectos de axilizar o proceso ante un posible peche as direccións dos centros educativos recadarán de inmediato os documentos de cesión de equipamento debidamente asinados polas familias que puideran precisar este equipamento. Chegado o eventual peche darán traslado dos documentos de cesión asinados para a recepción do equipamentos correspondentes.

e) O material solicitado aos servizos centrais será repartido coa máxima celeridade por AMTEGA.

f) Unha vez superada a situación de confinamento ou peche o centro educativo, no **prazo máximo de 3 días** deberá recompilar todos os equipos cedidos para ser logo recollidos por AMTEGA.

g) Cando foran repartidos todos os equipamentos necesarios e dispoñibles ás familias, organizarase unha reunión virtual nun horario que facilite a asistencia das familias, no que se fará un repaso polo funcionamento da aula virtual e se resolverán dúbidas das familias.

13. Durante o peche ou confinamento o profesorado continuará coa súa labor docente de acordo co previsto no apartado 30 do [Protocolo de Adaptación ao Contexto da Covid-19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2021-2022](#) (Normas específicas relativas a metodoloxías na aula e programacións) e no apartado 3 das [Instrucións do 30 de xullo 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, en relación ás medidas educativas que se deben adoptar no curso académico 2021/2022, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas da](#)

[educación infantil, da educación primaria, da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato](#) (Programacións didácticas). O ensino non presencial será impartido polo profesorado ordinario do alumnado a través da aula virtual de cada grupo. O profesorado realizará o seguimento do alumnado impartindo os coñecementos da materia de xeito virtual a través dos contidos dispoñibles ben achegados polo profesorado o ben os que poña a disposición a Consellería. Igualmente o/a profesor/a poderá poñer tarefas ao alumnado que reforcen co contido da materia ou a avaliación continua da mesma seguindo estas medidas:

- a) O titor do grupo(s) clase(s) no(s) que se suspenda a actividade presencial publicará unha mensaxe no muro da correspondente aula virtual para convocar ao alumnado a unha reunión virtual a través da plataforma Cisco Webex e compartirá pautas para levar a cabo o teletraballo de forma satisfactoria. O titor do grupo(s) clase(s) no(s) que se suspenda a actividade presencial contactará cos pais/nais/titores legais por mensaxe privado a través das aulas virtuais para informar acerca da organización da teledocencia.
- b) Durante o período de teledocencia cada profesor fará reunións virtuais e levará a cabo actividade telemáticas nas horas e día establecidas nos horarios espello. As actividades telemáticas centraranse nos contidos mínimos con vistas a afianzar as aprendizaxes básicas, serán avaliábeis, para garantir a avaliación continua e formativa. A asignación de actividades realizarase, na medida do posible, desde un enfoque interdisciplinar e integrador e evitará a sobrecarga de traballo ou o risco de perda do vínculo escolar.

CEIP RAMÓN DE VALENZUELA

- c) Na Educación Infantil, no primeiro e segundos cursos de EP no que non se usen aulas virtuais, ou no caso doutro alumnado no que non sexa posible o seu uso, arbitrase un modo alternativo para a comunicación coas familias e o mantemento da actividade lectiva nos supostos nos que se teña que pasar á educación a distancia. Dito modo será a páxina web do centro, correo electrónico, teléfono e se consideramos oportuno a aula virtual.

- d) O horario de atención a nais/pais/titores legais de cada profesor esta recollido nos horarios espello e respectará as medidas especificadas no Plan de Adaptación a situación COVID 19 para o curso 2021-22.

- e) Os docentes que impartan docencia nun grupo no que se suspenda a actividade presencial levarán rexistro da participación do alumnado na aula virtual e nas vídeoconferencias e comunicarán as ausencias ao correspondente profesor titor semanalmente. O titor será o encargado de comunicarse coas familias e gardar rexistro das comunicación.

- f) No caso de confinamento dun grupo clase, o profesorado titor e o profesorado que imparte aulas no seu grupo, asignaralle(s) a través da aula virtual o tipo de tarefas especificadas nos apartados b) e c) do punto 13 deste plan e contactará por vídeo chamada a través de Cisco Webex con cita previa. En caso de perda do vínculo escolar durante o período de confinamento, o titor seguirá os pasos indicados no apartado e) do punto 13 deste plan.

14. Cando durante o peche ou confinamento **parte do profesorado afectado se atope de baixa** será o equipo docente (departamento, equipos de ciclo, etc) co apoio da persoa Coordinadora TIC quen dispoña provisionalmente de recursos formativos ao alumnado ata a incorporación de persoal de substitución ou a alta do/a docente. Poderá contarse, para esta labor, co apoio das asesorías do Centros de Formación e Recursos (CFR) correspondente.
15. Para aquel alumnado que, por motivos de saúde, non poida asistir ao centro educativo por un período de tempo continuado menor ao requirido para a solicitude de atención educativa domiciliaria, o equipo docente correspondente (coordinado polo profesorado titor) elaborará unha proposta de actividades educativas. Esa proposta entregaráselle á nai, ao pai ou ás persoas titoras legais ou gardadoras dese alumnado, para a súa realización pola alumna ou polo alumno e posterior devolución ao mesmo equipo.
16. Para cada caso concreto de suspensión da actividade lectiva presencial a Consellería poderá adoptar as medidas oportunas en relación cos períodos ordinarios de avaliación do alumnado cando coincidan co tempo de suspensión.
17. **Durante o período de suspensión** da actividade presencial o centro educativo ten previstas as seguintes **medidas**:
- a) **Manter o contacto permanente co alumnado** e as súas familias, tanto para coñecer a evolución do estado de saúde como para continuar co ensino a distancia.
 - b) **Actualizar a aula virtual** dos niveis afectados para garantir a continuidade no proceso de ensino-aprendizaxe.
 - c) **Realizar tarefas de desinfección** profundas no centro.

- d) **Revisar o protocolo** para buscar posibles erros e facer as modificacións que se estimen oportunas.
- e) **Coordinar** co profesorado implicado as **quendas** de organización das fases.

MEDIDAS PARA O REINICIO DA ACTIVIDADE LECTIVA PRESENCIAL

18. Finalizado o período de peche presencial da aula, nivel educativo ou centro realizarase un proceso de reactivación por fases para o reinicio da actividade lectiva.

As fases establecidas para a reactivación son orientadoras, existindo a posibilidade de modificar tanto a súa duración como a porcentaxe do alumnado incluído en cada fase. O modelo a aplicar correspóndelle á Consellería de Educación co asesoramento da Consellería de Sanidade.

Sen prexuízo das medidas xenéricas establecidas no protocolo aprobado polas consellerías de Educación e Sanidade o centro ten previsto as seguintes fases de reincorporación:

Fase 1 (Adecuación dos espazos)

Duración: (por determinar) Aínda que pode ter unha duración variable, aconséllase que sexa dunha semana. Nesta primeira fase, previa ao reinicio da actividade, será o equipo COVID do centro quen estableza as actuacións a desenvolver, en colaboración coas autoridades sanitarias e educativas.

Obxectivos:

- Análise da situación dos espazos e as súas necesidades.
- Desinfección de todos os espazos.
- Revisión do plan de adaptación buscando posibles erros na redacción ou na execución.

Fase 2 (Formación de pequenos grupos)

Duración: 1 semana.

A porcentaxe do alumnado na aula de forma simultánea será do 33 % en grupos de máis de 20 alumnos e do 50% en grupos de menos de 20 alumnos.

Obxectivos:

- Formar ao alumnado na importancia das medidas de distanciamento físico, utilización de máscara e de hixiene de mans.
- Combinar o ensino presencial e a distancia.
- Revisión das actividades realizadas no período de ensino telemático.
- Avaliación desa etapa.

Fase 3 (Reforzo das medidas aprendidas en pequenos grupos)

Duración: (3 xornadas lectivas).

A porcentaxe do alumnado na aula de forma simultánea será do 50 % en grupos de máis de 20 alumnos e do 100% en grupos de menos de 20 alumnos.

Obxectivos:

- Comprobar a adquisición das medidas adquiridas en pequeno grupo.
- Empregar o ensino presencial para resolver dúbidas e poñer en práctica os contidos expostos na aula virtual.

Fase 4 (Fase de reactivación)

Duración: (2 xornadas lectivas)

Retorno a actividade presencial da totalidade do alumnado.

Obxectivos:

- Realizar unha avaliación do desenvolvemento das fases.
- Comprobar o grao de adquisición do traballado.
- Realizar unha avaliación sobre os contidos adquiridos neste período.
- Volver a dinámica de clases presenciais, pero sen abandonar o emprego da aula virtual para as tarefas e para complementar as aprendizaxes na casa.

ANEXOS

Anexo II

Eu, D./Dna. _____ con DNI _____
pai/nai/titor/a legal do/a alumno/a _____ do
centro educativo _____ recibín en
réxime de préstamo o equipamento identificado máis abaixo para continuar o proceso formativo
durante a vixencia das circunstancias excepcionais derivadas da pandemia por Covid-19.

Comprométome a usalo de forma responsable, a mantelo baixo a miña responsabilidade e
coidado, a cumprir coas medidas de seguridade apropiadas e a devolvelo nas mesmas
condicións en que me foi entregado.

EQUIPO	MODELO	N.º DE SERIE
--------	--------	--------------

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Centro educativo ao que se refire este documento
Finalidade do tratamento	Rexistro e acta de entrega de equipamento
Lexitimación do tratamento	O cumprimento dunha misión de interese público, o exercicio de poderes públicos, o cumprimento dunha obriga legal, segundo a normativa xeral e sectorial referida en https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos e demais regulación concordante
Destinatarios do datos	Non se prevén comunicacións a terceiras persoas
Exercicio dos dereitos	As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común segundo se recolle en https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos
Contacto delegado/a de protección de datos e información adicional	https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos

E para que así conste, asino este documento

En _____, a _____ de _____ de _____

.....

Entregado ao centro educativo con data ____ / ____ / ____



Horarios espello

Introdución:

En referencia a Resolución conxunta da Secretaría Xeral Técnica e da Secretaria Xeral de Educación e Formación Profesional pola que se aproba o Plan de Continxencia ante peches de aulas ou centros educativos no contexto da Covid-19 nos centros de ensino non universitario sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022, este documento concreta os horarios do alumnado e profesorado en caso de corentena nunha aula ou de confinamento total.

Aínda que na Resolución soamente se fai referencia aos niveis de 3º a 6º de EP, incluiremos tamén a 1ºEP e 2ºEP, así como Educación Infantil, aínda que con horarios máis flexibles que os esixidos para os niveis de 3º a 6º de Educación Primaria.

Como idea xeral, no peche dunha única aula, respectaríanse os horarios establecidos ao inicio do curso, xa que resultaría imposible introducir cambios no horario do profesorado especialista que seguiría a impartir clase no centro ao resto de grupos.

A continuación, definimos, por etapas, os horarios espello.

EDUCACIÓN INFANTIL:

Nesta etapa, a estrutura que presentamos a continuación sería empregada tanto no peche dunha aula como en caso de confinamento total.

Para establecer unha comunicación fluída coas familias empregaremos o correo electrónico corporativo dos mestres, e o teléfono.

Para as propostas lectivas empregariamos a aula virtual do centro, xa que cada alumno/a dispón do seu usuario e contrasinal. No momento do peche realizariamos unha sesión coas familias para explicar o funcionamento da aula virtual e a dinámica a seguir.

A proposta para esta etapa sería:

- Unha sesión de videoconferencia semanal, cun obxectivo máis afectivo e emocional que académico, que sirva para non perder o vínculo co alumnado.
- Propostas na aula virtual para cada nivel educativo, mantendo no posible a estrutura do ensino presencial (rutinas, xogo, conto...)
- Implicación de todo o profesorado que imparte docencia neste nivel para facer explicacións, enviar videocontos...
- Entrega de traballos mediante imaxes ou vídeos na propia aula virtual ou por correo electrónico.

1º e 2º de Educación Primaria:

En caso de peche dunha aula ou confinamento total:

- Comunicación coas familias mediante o correo electrónico corporativo dos mestres e por teléfono.
- Emprego da aula virtual como espazo para a exposición de contidos, proposta de actividades, envío de tarefas, etc.
- Emprego das plataformas de videoconferencia (webex) para ter contacto directo co alumnado. Os accesos ás diferentes salas estarían colgados no propio curso na aula virtual.
- Mantéñense os horarios cos especialistas, facendo unha comunicación semanal con eles/as.
- Realizaríase unha comunicación diaria co titor/a.

HORARIOS EN CASO DE PECHE DUNHA AULA OU CONFINAMENTO TOTAL.

PRIMEIRO						
HORARIO	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	HORARIO	VENRES
9:20h a 10:20h			RELIXIÓN		9:20h a 10:00h	
10:20h a 11:20h	E.F.				10:00h a 10:40h	
11:20h a 11:45h		INGLÉS			10:40h a 11:20h	
11:45h a 12:00h					11:20h a 11:40h	
12:00h a 13:00h					11:40h a 12:20h	
14:30h a 15:20h			MÚSICA		12:20h a 13:00h	
15:20h a 16:10h						
16:10h a 17:10h			TITORÍA PAIS			

CEIP RAMÓN DE VALENZUELA

SEGUNDO						
HORARIO	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	HORARIO	VENRES
9:20h a 10:20h					9:20h a 10:00h	
10:20h a 11:20h					10:00h a 10:40h	E.F.
11:20h a 11:45h					10:40h a 11:20h	
11:45h a 12:00h					11:20h a 11:40h	
12:00h a 13:00h					11:40h a 12:20h	
14:30h a 15:20h					12:20h a 13:00h	
15:20h a 16:10h	MÚSICA	INGLÉS	RELIXIÓN			
16:10h a 17:10h			TUTORÍA PAIS			

LENDAS:

Conexión co titor/a

Traballo individual

A primeira conexión da mañá ten como obxectivo facilitar ás familias a tarefa de establecer un horario os nenos/as, así como introducir as rutinas por parte do profesorado e explicar o traballo a realizar ao longo da mañá.

A última conexión da tarde é para corrixir o traballo realizado e ás dúbidas que poideran xurdir.

As conexións non teñen porque durar toda a sesión, en función do obxectivo perseguido poderán ser máis curtas (explicacións, aclaracións) ou de maior duración.

HORARIO ESPELLO ENSINO NON PRESENCIAL 3º PRIMARIA

HORAS		LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	HORAS		VENRES	
1ª	40' 9.20h 10.00h	MATEMÁTICAS	C.SOCIAIS	MATEMÁTICAS	INGLÉS	1ª	25' 9.20h 9.45h	MATEMÁTICAS	
	20' 10:00h 10:20h	CAMBIO DE CLASE VIRTUAL / REALIZACIÓN DE TAREFAS							
2ª	40' 10.20h 11.00h	L.GALEGA	L.CASTELÁ	L. GALEGA	L. GALEGA	2ª	25' 10.00h 10.25h	C.NATURAIS	
	20' 11:00h 11:20h	CAMBIO DE CLASE VIRTUAL / REALIZACIÓN DE TAREFAS						15' 10:25h 10:40h	C.C.VIRTUAL R.TAREFAS
DESCANSO	25' 11.20h 11.45h					3ª	25' 10.40h 11.05h	MÚSICA	
						DESCANSO	20' 11.20h 11.40h		
	15' 11.45h 12.00h	CAMBIO DE CLASE VIRTUAL / REALIZACIÓN DE TAREFAS						25' 11.40h 12.05h	L. CASTELÁ
							15' 12:05h 12:20h	C.C.VIRTUAL R.TAREFAS	
3ª	40' 12.00h 12.40h	E.F.	L. GALEGA	INGLÉS	L.CASTELÁ	5ª	25' 12.20h 12.45h	PLÁSTICA	
COMIDA	13.00h 14.30h								
4ª	30' 14.30h 15.00h	C.SOCIAIS	INGLÉS	C.SOCIAIS	L.CASTELÁ				
	20' 15:00h 15:20h	CAMBIO DE CLASE VIRTUAL / REALIZACIÓN DE TAREFAS							
5ª	30' 15.20h 15.50h	RELIXIÓN ALTERNATIVA	MATEMÁTICAS	E.FÍSICA	C.NATURAIS				
	60' 16:10h 17:10h			TÍTORIAS PAIS					

HORARIO DE CONEXIÓN
DOCENCIA VIRTUAL

- CISCO –WEBEX
- AULA VIRTUAL

HORARIO CONEXIÓN
CAMBIO CLASE VIRTUAL
REALIZACIÓN DE TAREFAS

HORARIO ESPELLO ENSINO NON PRESENCIAL 4º PRIMARIA

HORAS		LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	HORAS		VENRES	
1ª	40' 9.20h 10.00h	INGLÉS	L.GALEGA	L. GALEGA	MATEMÁTICAS	1ª	25' 9.20h 9.45h	L.GALEGA	
	20' 10:00h 10:20h	CAMBIO DE CLASE VIRTUAL / REALIZACIÓN DE TAREFAS							
2ª	40' 10.20h 11.00h	L. CASTELÁ	INGLÉS	MATEMÁTICAS	E.F.	2ª	25' 10.00h 10.25h	C.NATURAIS	
	20' 11:00h 11:20h	CAMBIO DE CLASE VIRTUAL / REALIZACIÓN DE TAREFAS						15' 10:25h 10:40h	C.C.VIRTUAL R.TAREFAS
DESCANSO	25' 11.20h 11.45h					3ª	25' 10.40h 11.05h	INGLÉS	
						DESCANSO	20' 11.20h 11.40h		
	15' 11.45h 12.00h	CAMBIO DE CLASE VIRTUAL / REALIZACIÓN DE TAREFAS						25' 11.40h 12.05h	MÚSICA
							15' 12:05h 12:20h	C.C.VIRTUAL R.TAREFAS	
3ª	40' 12.00h 12.40h	MATEMÁTICAS	MATEMÁTICAS	RELIXIÓN ALTERNATIVA	C.NATURAIS	5ª	25' 12.20h 12.45h	L.CASTELÁ	
COMIDA	13.00h 14.30h								
4ª	30' 14.30h 15.00h	E.F.	L.CASTELÁ	L.CASTELÁ	L.GALEGA				
	20' 15:00h 15:20h	CAMBIO DE CLASE VIRTUAL / REALIZACIÓN DE TAREFAS							
5ª	30' 15.20h 15.50h	C.SOCIAIS	PLÁSTICA	C.SOCIAIS	REFORZO E AFONDAMENTO COMP. MAT.				
	60' 16:10h 17:10h			TÍTORIAS PAIS					

HORARIO DE CONEXIÓN
DOCENCIA VIRTUAL

- CISCO –WEBEX
- AULA VIRTUAL

HORARIO CONEXIÓN
CAMBIO CLASE VIRTUAL
REALIZACIÓN DE TAREFAS

HORARIO ESPELLO ENSINO NON PRESENCIAL 5º PRIMARIA

HORAS		LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	HORAS		VENRES	
1ª	40' 9.20h 10.00h	RELIXIÓN ALTERNATIVA	MATEMÁTICAS	INGLÉS	L.CASTELÁ	1ª	25' 9.20h 9.45h	MATEMÁTICAS	
	20' 10:00h 10:20h	CAMBIO DE CLASE VIRTUAL / REALIZACIÓN DE TAREFAS							
2ª	40' 10.20h 11.00h	MATEMÁTICAS	C.NATURAIS	L.GALEGA	L.GALEGA	2ª	25' 10.00h 10.25h	C.NATURAIS	
	20' 11:00h 11:20h	CAMBIO DE CLASE VIRTUAL / REALIZACIÓN DE TAREFAS						15' 10:25h 10:40h	C.C.VIRTUAL R.TAREFAS
DESCANSO	25' 11.20h 11.45h					3ª	25' 10.40h 11.05h	L. CASTELÁ	
						DESCANSO	20' 11.20h 11.40h		
	15' 11.45h 12.00h	CAMBIO DE CLASE VIRTUAL / REALIZACIÓN DE TAREFAS						25' 11.40h 12.05h	L. GALEGA
							15' 12:05h 12:20h	C.C.VIRTUAL R.TAREFAS	
3ª	40' 12.00h 12.40h	INGLÉS	C.SOCAIS	MATEMÁTICAS	E.F.	5ª	25' 12.20h 12.45h	INGLÉS	
COMIDA	13.00h 14.30h								
4ª	30' 14.30h 15.00h	L.CASTELÁ	L. GALEGA	C.SOCIAIS	MATEMÁTICAS				
	20' 15:00h 15:20h	CAMBIO DE CLASE VIRTUAL / REALIZACIÓN DE TAREFAS							
5ª	30' 15.20h 15.50h	E.F.	L.CASTELÁ	PLÁSTICA	MÚSICA				
	60' 16:10h 17:10h			TÍTORIAS PAIS					

HORARIO DE CONEXIÓN
DOCENCIA VIRTUAL

- CISCO –WEBEX
- AULA VIRTUAL

HORARIO CONEXIÓN
CAMBIO CLASE VIRTUAL
REALIZACIÓN DE TAREFAS

HORARIO ESPELLO ENSINO NON PRESENCIAL 6º PRIMARIA

HORAS		LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	HORAS		VENRES	
1ª	40' 9.20h 10.00h	RELIXIÓN ALTERNATIVA	MATEMÁTICAS	INGLÉS	C.NATURAIS	1ª	25' 9.20h 9.45h	MATEMÁTICAS	
	20' 10:00h 10:20h	CAMBIO DE CLASE VIRTUAL / REALIZACIÓN DE TAREFAS							
2ª	40' 10.20h 11.00h	MATEMÁTICAS	C.NATURAIS	L.GALEGA	L.GALEGA	2ª	25' 10.00h 10.25h	C.SOCIAIS	
	20' 11:00h 11:20h	CAMBIO DE CLASE VIRTUAL / REALIZACIÓN DE TAREFAS						15' 10:25h 10:40h	C.C.VIRTUAL R.TAREFAS
DESCANSO	25' 11.20h 11.45h					3ª	25' 10.40h 11.05h	L. CASTELÁ	
						DESCANSO	20' 11.20h 11.40h		
	15' 11.45h 12.00h	CAMBIO DE CLASE VIRTUAL / REALIZACIÓN DE TAREFAS						25' 11.40h 12.05h	L. GALEGA
							15' 12:05h 12:20h	C.C.VIRTUAL R.TAREFAS	
3ª	40' 12.00h 12.40h	INGLÉS	C.SOCIAIS	MATEMÁTICAS	E.F.	5ª	25' 12.20h 12.45h	INGLÉS	
COMIDA	13.00h 14.30h								
4ª	30' 14.30h 15.00h	L.CASTELÁ	REFORZO E AFONDAMENTO COMP. MAT	C.SOCIAIS	MATEMÁTICAS				
	20' 15:00h 15:20h	CAMBIO DE CLASE VIRTUAL / REALIZACIÓN DE TAREFAS							
5ª	30' 15.20h 15.50h	E.F.	L.CASTELÁ	PLÁSTICA	MÚSICA				
	60' 16:10h 17:10h			TÍTORIAS PAIS					

HORARIO DE CONEXIÓN
DOCENCIA VIRTUAL

- CISCO –WEBEX
- AULA VIRTUAL

HORARIO CONEXIÓN
CAMBIO CLASE VIRTUAL
REALIZACIÓN DE TAREFAS